

ACCIÓN 2014.C006 SUBMEDIDA 214.2.4.

RECUPERACIÓN DO PEMENTO DE ARNOIA

Obxectivo

O obxectivo da presente acción é a recuperación das características diferenciadoras do pemento de Arnoia mediante un plan de mellora xenética, que permita aos agricultores de Arnoia comercializar os seus pementos a través da IXP de Pemento de Arnoia e así beneficiarse duns mellores prezos por ofertar un produto diferenciado.

Relación coa liña de variedades autóctonas

Por estar este traballo orientado a recuperar unha recoñecida variedade de pemento galega, está suficientemente xustificada a súa inclusión na liña de variedades autóctonas.

Impacto

O impacto desta actuación sobre a conservación de recursos fitoxenéticos é importante, pois intenta recuperar as características diferenciadoras desta variedade que faciliten aos agricultores da zona de Arnoia un produto diferenciado cara a unha mellor comercialización a través da súa Indicación Xeográfica Protexida (IXP).

Tamén mediante a publicidade desta acción a través do programa “O Agro” o día 23/05/2014 ás 13:40 h co título “A selección xenética do Pemento de Arnoia permitirá obter sementes puras para os produtores da IXP”, estase dando ao consumidor unha imaxe de profesionalidade por parte dos agricultores desta IXP, por estarse preocupando por investir en I+D para ofertar un mellor produto.

Estado do proxecto

Montouse un campo de ensaio con 10 liñas de pemento de Arnoia cara a súa selección nunha parcela de 800 m². Cada unha das catro repeticións de cada liña está illada con gaiolas para evitar o cruce por insectos polinizadores.